

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE MARZO DE 2023**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	6
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2023.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual marzo 2023.....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	19
6.3.	Días de chuvia en marzo de 2023.....	20
6.4.	Evolución da precipitación en marzo de 2023 .....	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR.....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	28
9	RAIOS.....	29

### Anexos:

#### Resumo mensual

**Calendario de marzo de temperatura mínima**

**Calendario de marzo de temperatura máxima**

**Calendario de marzo de precipitación acumulada**

**Calendario de marzo de refacho máximo**

**Data edición: 10/04/2023**

**Mes lixeiramente húmido e moi cálido****1 INTRODUCCIÓN**

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

**Táboa 0.1.** Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

**Táboa 0.2.** Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

Marzo é un mes de transición entre o inverno e a primavera, no que as situacións adoitan ser cambiantes e iso foi o que sucedeu durante este mes. As temperaturas estiveron en xeral por riba do agardado, con zonas amplas da Comunidade nas que non se afastaron moito da normalidade e as chuvias tamén presentan bastante variabilidade, con zonas nas que choveu en exceso, pero outras que quedaron por debaixo do normal.

O mes comezaba nunha situación intermedia con Galicia entre dúas borrascas profundas, pero tamén coas altas presións ao norte. A presenza de aire frío na columna atmosférica deixaba chuvascos intermitentes na primeira xornada, que nalgún momento deron lugar á presenza de neve en cotas baixas.

Nos seguintes días, as altas presións foron afianzando o seu dominio, polo que entre as xornadas do 2 e o 4 o tempo foi seco, por momentos moi despexado, pero as temperaturas, en particular as mínimas, rexistraron valores moi baixos con avisos amarelos en zonas do interior.

O día 5 perdemos a influencia anticiclónica e rexistráronse algunhas chuvias na metade sur da Comunidade que se repetiron na xornada do 6. Foron tamén dous días de recuperación das temperaturas, particularmente das mínimas.

Nos seguintes días, entre o 7 e o 13 Galicia quedaba na influencias das baixas presións que se foron desprazando polo Atlántico norte, afectándonos consecutivamente e deixando xornadas de ceos grises e chuvias que afectaron a calquera punto da Comunidade de xeito intermitente, máis frecuentes e intensas na provincia de Pontevedra e sur da Coruña. Os ventos sopraron do suroeste e polo tanto as temperaturas foron suaves, sen xeadas, pero con moi escasa oscilación térmica. O paso destas borrascas nesas xornadas foi dando lugar a aparición de sucesivas alertas meteorolóxicas, sendo nomeada a correspondente ao día 9 como borrasca Larisa.

Os días 14 e 15 tivemos unha pausa no paso destas borrascas, deixando dous días algo máis estables, secos, con grandes claros e ampla oscilación térmica. Pero as seguintes



3 xornadas, 16, 17 e 18 as baixas presións novamente volveron a achegarse a Galicia traendo novamente estabilidade e deixando polo tanto xornadas de chuvia e vento do suroeste. Ao igual que no período entre o 7 e o 13, as precipitacións foron máis cuantiosas nas comarcas máis atlánticas.

O día 19 tivemos unha entrada das altas presións, deixando una xornada de estabilidade, con grandes claros.

Os días 20 e 21 quedabamos en situación intermedia, pero aínda con certa influencia anticiclónica, que se perdeu entre o 22 e o 23 coa chegada de novas borrascas.

Dentro da variabilidade do mes, o día 24 foi de relativa calma e estabilidade, pero xa o 25 pola tarde una nova fronte chegaba a Galicia deixando novamente un episodio de vento e chuvia.

O día 26 foi de recuperación anticiclónica e as altas presións mantivéronse os días 27, 28, cun importante incremento das temperaturas máximas.

E novamente o episodio finalizou abruptamente coa chegada o 29 dunha borrasca, que deixou fortes ventos pola tarde, pero escasas precipitacións. Unha situación que se repetiu o 30, neste caso coa borrasca Mathis afectando a Galicia. E o mes remataba o día 31 aínda con restos de inestabilidade e polo tanto con chuvascos irregularmente repartidos.

### 3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

A frecuente configuración atmosférica de profundas borrascas circulando desde o Atlántico ata o norte de Europa e altas presións en superficie en latitudes máis baixas da Península durante o mes de marzo reflíctese nos mapas de anomalías de presión en superficie (**Figura 1**) e de xeopotencial en 500 hPa (**Figura 2**), onde se pode ver unha forte anomalía negativa desde Os Azores ata Escandinavia.

#### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie en marzo de 2023. Período de referencia 1991-2020.

#### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa en marzo de 2023. Período de referencia 1991-2020.



#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



**A CORUÑA**

	MARZO 2023 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.1/14.0	12.3	15.0 (1997)	9.2 (1971)
Tª mínima media	11.0/11.0	9.2	11.2 (1997)	6.3 (1971)
Tª mínima absoluta	3.0/3.4 (día 2)	0.6 (01/03/1993)		
Tª mínima máis alta	15.5/15.9 (día 29/11)	17.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	17.2/16.9	15.4	19.4 (1997)	12.0 (1971)
Tª máxima absoluta	23.8/23.0 (día 28)	28.2 (29/03/1965)		
Tª máxima máis baixa	10.4/10.3 (día 1)	6.4 (07/03/1971)		
Precipitación acumulada	55	50-80	262 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	12	12	26 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia entran dentro do rango de valores normais, resultando un mes normal.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2023. Temperatura: 1948-2023.

**SANTIAGO**

	MARZO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.8	11.3	14.7 (1997)	8.4 (2018)
Tª mínima media	8.3	6.5	9.1 (2001)	4.1 (1984)
Tª mínima absoluta	-0.1 (día 2)	-4.2 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	13.3 (día 11)	13.8 (26/03/2006)		
Tª máxima media	15.2	16	22.1 (1997)	11.6 (2008)
Tª máxima absoluta	20.8 (día 27)	28.6 (24/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	9.3 (día 1)	5.6 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	207	96-151	637 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	17	13	29 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta a temperatura mínima e normal para a máxima, mentres que para a temperatura media o mes resultou cálido.

Tanto a precipitación rexistrada como o número de días de chuvia foron superiores aos valores climáticos, considerándose un mes moi húmido.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2023. Temperatura: 1982-2023.





## LUGO

	MARZO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.1	9.5	12.6 (1997)	6.1 (1984)
Tª mínima media	5.6	4.0	6.9 (2001)	1.8 (1984)
Tª mínima absoluta	-3.0 (día 2)	-8.4 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	12.6 (día 11)	16.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	16.7	14.9	21.9 (1997)	9.5 (1970)
Tª máxima absoluta	23.9 (día 28)	28.0 (31/03/2021)		
Tª máxima máis baixa	7.8 (día 1)	4.0 (01/03/1993)		
Precipitación acumulada	72	48-81	305 (2018)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	11	11	26 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínima e media, mentres que para a máxima o mes foi cálido.

A precipitación rexistrada entra dentro do rango de valores normais, resultando un mes normal. O número de días de chuvia acadou o valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2023. Temperatura: 1981-2023.

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MARZO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.8	12.0	14.5 (1997)	8.9 (1970)
Tª mínima media	8.9	6.6	9.3 (2001)	3.4 (1970)
Tª mínima absoluta	-1.3 (día 2)	-3.5 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	14.7 (día 11)	15.0 (31/03/1965)		
Tª máxima media	16.8	17.4	22.6 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	23.1 (día 29)	28.9 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	12.5 (día 5)	8.6 (19/03/1980)		
Precipitación acumulada	134	87-131	571 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	15	12	29 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta a temperatura mínima, pero frío tendo en conta a máxima. Para a temperatura media foi un mes cálido.

A precipitación rexistrada estivo lixeiramente por riba do rango de valores normais e o número de días de chuvia superou ao valor climático, resultando un mes húmido.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2023. Temperatura: 1958-2023.

**OURENSE**

	MARZO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.9	11.9	14.8 (1997)	8.5 (1984)
Tª mínima media	6.2	5.0	9.3 (2001)	1.0 (1973)
Tª mínima absoluta	-3.6 (día 3)	-6.8 (02/03/2005)		
Tª mínima máis alta	14.9 (día 11)	15.0 (10/03/1981)		
Tª máxima media	19.5	18.7	25.4 (1997)	13.6 (1975)
Tª máxima absoluta	26.2 (día 29)	30.6 (23/03/2002)		
Tª máxima máis baixa	10.6 (día 5)	5.6 (13/03/1984)		
Precipitación acumulada	41	38-50	298 (2001)	0 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	10	9	26 (2001)	0 (1997)

*Comentario:* Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínima e media, mentres que para a máxima o mes considérase cálido.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, cun número de días de chuvia preto do valor climático, resultando un mes normal.


Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2023. Temperatura: 1972-2023.

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron por riba dos valores normais nun mes tan cambiante como marzo, xa que o mes comezou moi frío, pero as situacións anticiclónicas posteriores deixaron rexistros de temperatura elevados.

### 5.1. Temperatura media das máximas.


O valor medio das temperaturas máximas no mes de marzo para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 1 foi de 15 °C. Os valores máis altos rexistráronse no Val do Sil e no Miño de Ourense, con valores próximos aos 19.9 °C. Os valores máis baixos déronse no macizo de Manzaneda e en Pena Trevinca, arredor dos 5.7 °C.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de marzo de 2023.

## 5.2. Temperatura media das mínimas.


O valor medio das temperaturas mínimas no mes de marzo, a partir dos valores do mapa da Figura 2, foi de 6.2 °C. Os valores máis baixos rexistráronse no macizo de Manzaneda, en Pena Trevinca e na comarca da Limia acadando os -0.1 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse principalmente na península do Morrazo seguida pola comarca de Vigo, onde as mínimas acadaron valores de ata 11.7 °C.



**Figura 4:** Mapa de temperatura media das mínimas do mes de marzo de 2023.

### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media presenta unha crecente desviación positiva cara ao nordés da Comunidade, seguramente provocada polos ventos do suroeste. Alí atópanse os valores máis altos de anomalía de temperatura, que, nalgúns casos, acadan os  $+2.7$  °C. Pola contra, os valores máis baixos, mesmo lixeiramente negativos, danse no suroeste da provincia da Coruña, nos arredores da desembocadura do Río Ulla, con  $-0.3$  °C. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa da Figura 3 é de  $+1.2$  °C.



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de marzo de 2023 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (**táboa 1**) déronse en zonas costeiras ou preto da costa no litoral de Lugo e norte da Coruña. As máis baixas (**táboa 2**) rexistráronse, principalmente, en concellos preto da Ría de Arousa e en zonas altas da provincia de Ourense.

Anomalías máis altas de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	anomalía (°C)
Negueira de Muñiz	Lugo	2,5
Cambre	A Coruña	2,3
Carballo	A Coruña	2,3
Betanzos	A Coruña	2,2
Outeiro de Rei	Lugo	2,2
Lugo	Lugo	2,2
Rábade	Lugo	2,2
Ribadeo	Lugo	2,2
Navia de Suarna	Lugo	2,2
Begonte	Lugo	2,1

**Táboa 1:** Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de marzo de 2023.

Anomalías máis baixas de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	anomalía (°C)
Padrón	A Coruña	-0,2
Pontecesures	Pontevedra	-0,1
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	0,0
Valga	Pontevedra	0,1
Dodro	A Coruña	0,1
Lobios	Ourense	0,2
Ribeira	A Coruña	0,2
Entrimo	Ourense	0,2
Pobra do Caramiñal	A Coruña	0,2
Catoira	Pontevedra	0,2

**Táboa 2:** Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de marzo de 2023.



Nas **táboas 3 e 4** móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de marzo de 2023 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas do 28 e 29 foron as máis calorosas en moitas zonas tanto por baixo como por riba dos 1000m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2023				
por baixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/03/2023	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	28,4
29/03/2023	Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	27,1
29/03/2023	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	26,8
29/03/2023	Foz	FOZ	Lugo	26,5
29/03/2023	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	26,5
29/03/2023	Ourense	OURENSE	Ourense	26,2
29/03/2023	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	26,2
29/03/2023	Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	26,0
28/03/2023	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	26,0
29/03/2023	Santa Cruz	VALADOURO (O)	Lugo	25,8

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en marzo 2023, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de marzo de 2023				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/03/2023	Xurés	MUIÑOS	Ourense	21,1
28/03/2023	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	20,7
28/03/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	20,2
28/03/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	20,1
28/03/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	19,8
28/03/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	19,6
28/03/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	18,8
28/03/2023	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	18,3
28/03/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	18,3
28/03/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	18,2

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en marzo de 2023, altitude maior a 1000 m.



Nas **táboas 5 e 6** móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de marzo de 2023 para estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas máis frías concéntranse ao comezo do mes en zonas tanto por baixo como por riba dese nivel.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2023 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/03/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-9,1
01/03/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-9,0
01/03/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-8,3
01/03/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-7,8
01/03/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-7,4
01/03/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	-7,1
01/03/2023	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-6,5
02/03/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-6,5
02/03/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-6,3
02/03/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-6,2

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en marzo de 2023, altitude maior a 1000m.


Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de marzo de 2023 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/03/2023	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-10,6
02/03/2023	Baltar	BALTAR	Ourense	-9,1
02/03/2023	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-7,3
03/03/2023	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-7,1
02/03/2023	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-7,1
02/03/2023	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-7,0
02/03/2023	Morelle	SARRIA	Lugo	-6,5
01/03/2023	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-6,4
02/03/2023	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	-5,6
02/03/2023	Cospeito	COSPEITO	Lugo	-5,1

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en marzo de 2023, altitude menor a 1000m.




### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2023.

Na **Figura 6** pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 para esta serie foi 12 °C.



**Figura 6:** Temperatura media ó longo do período 1961-2023 para marzo.

A anomalía media da temperatura para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.2 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Tendo en conta a temperatura mínima, marzo é tamén moi cálido, cunha desviación respecto aos valores climáticos de +1.8 °C, mentres que para a máxima, cunha desviación moito máis baixa de +0.5 °C, resulta un mes cálido. O precedente máis cálido data do ano 2012.




**Figura 7:** Evolución da anomalía de temperatura media en marzo, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións non se afastan demasiado da normalidade debido á chegada de numerosas borrascas ao longo do mes. Pero esa normalidade ven dun exceso de precipitacións nalgúns puntos, concretamente Pontevedra e sur da Coruña, e un déficit no resto da Comunidade provocado pola persistencia dos ventos do suroeste.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual marzo 2023


Segundo os valores do mapa da Figura 4, a precipitación media acumulada foi de 131 L/m<sup>2</sup>. As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse nas comarca do Sar, Xallas e Barcala, con ata 571 L/m<sup>2</sup>. As zonas máis secas de Galicia no mes de marzo localízase no litoral da Mariña e nalgunhas localidades da comarca de Valdeorras, con acumulados de tan só 9 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de marzo de 2023.

## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.


No mapa da Figura 5 pódese ver a distribución das porcentaxes de precipitación no mes de marzo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. Como se ve, existe un gran contraste entre zonas do oeste e do suroeste de Galicia e o resto, sobre todo o extremo norte. Segundo os valores do mapa, o valor medio da porcentaxe de precipitación foi 1% por riba do normal, é dicir, para o conxunto do territorio galego, choveu o agardado para o período de referencia 1981-2010. O valor da porcentaxe de precipitación máis alta atopámolo na comarca da Baixa Limia, cun 168% de precipitación por riba do normal, mentres que o valor máis baixo rexistrouse en vales como o do Río Navia, na Fonsagrada, o Xares, en Valdeorras, preto do 100% inferior ao normal. Destacan, tamén, a zona do Arco Ártabro e da Mariña Luguesa.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de marzo de 2023.

### 6.3. Días de chuva en marzo de 2023

O número medio de días de chuva maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$  foi de 13. Na **Figura 10** vemos como os valores máis altos se acadaron na fachada atlántica, especialmente arredor da desembocadura do Río Ulla, con 21 días de chuva. Pola contra, nalgunhas áreas do sur de Ourense houbo tan só 5 días de chuva.



**Figura 10:** Días de chuva superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de marzo de 2023.



A **táboa 7** mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de marzo. As precipitacións acumuladas máis altas achéganse os 575 L/m<sup>2</sup>, no suroeste da provincia da Coruña. Segundo a **táboa 8**, unha gran porcentaxe desa cantidade caeu o día 22 de marzo.

Precipitacións acumuladas máximas en marzo de 2023			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Muralla	LOUSAME	A Coruña	575
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	428
Costa	ROIS	A Coruña	411
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	383
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	376
Castrove	POIO	Pontevedra	365
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	347
Cespón	BOIRO	A Coruña	327
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	316
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	305


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de marzo de 2023.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	125	22/03/2023 21:40
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	95	22/03/2023 21:10
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	82	08/03/2023 03:50
Costa	ROIS	A Coruña	82	22/03/2023 21:50
Castrove	POIO	Pontevedra	80	22/03/2023 22:40
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	69	10/03/2023 21:50
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	67	22/03/2023 21:40
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	66	07/03/2023 17:40
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	64	23/03/2023 00:40
Cespón	BOIRO	A Coruña	59	16/03/2023 10:00

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de marzo de 2023.


### 6.4. Evolución da precipitación en marzo de 2023

Na **Figura 11** pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2023 para esta serie foi 117 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación media ao longo do período 1961-2023 para marzo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 9 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse lixeiramente húmido aínda que non moi afastado da normalidade, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O ano 2022 xa fora máis húmido.



**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en marzo, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na **táboa 9** móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Nestas localidades superouse este limiar en varias xornadas, destacando as dos días 8, 9, 13, 29 e 30.

A reiterada configuración de borrascas circulando en latitudes máis altas que as da península fixo que a compoñente dominante do vento estivera, principalmente, no terceiro cuadrante, é dicir, vento do suroeste. Tamén por este motivo, a porcentaxe de calmas, agás en zonas do interior, é baixa. (**táboas 10-13**).

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
29/03/2023	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	150,1
13/03/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	136,9
30/03/2023	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	131,5
09/03/2023	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	130,0
09/03/2023	San Nomedio	NEVES (AS)	Pontevedra	125,0
08/03/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	119,8
30/03/2023	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	117,6
13/03/2023	Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	113,6
30/03/2023	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	111,4
29/03/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	111,3
09/03/2023	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	110,7
30/03/2023	Fragavella	ABADÍN	Lugo	108,3
30/03/2023	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	107,8
30/03/2023	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	107,6
08/03/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	106,4
13/03/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	105,9
30/03/2023	Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	102,3
13/03/2023	Burela	BURELA	Lugo	102,2
08/03/2023	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	102,0
30/03/2023	Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	101,8
13/03/2023	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	100,9



Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
30/03/2023	Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	100,4

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de marzo de 2023.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	90	SW	6	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Lira (19150) e 03/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (19150) e 03/2023</p>
		9				
Pta. Candieira	Cedeira	118	SW	3	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (10000) e 03/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (10000) e 03/2023</p>
		30				
Malpica	Malpica	97	SW	3	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Malpica (10000) e 03/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10000) e 03/2023</p>
		13				
Marco da Curra	Monfero	102	SW	2	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Marco da Curra (10000) e 03/2023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (10000) e 03/2023</p>
		30				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de marzo de 2023 na provincia da Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	134	SW	14		
		8				
Campus Lugo	Lugo	68	S	42		
		29				
Ancares	Cervantes	111	SW	6		
		29				

Táboa 11: Resumo vento no mes de marzo de 2023 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Rodicio	Maceda	73	SW	15		
		13				
Gandarela	Celanova	76	W	34		
		13				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de marzo de 2023 na provincia de Ourense.




PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	95	S	14	<p>INTENSIDADES PONDEADAS E COA DIRECCIÓN Fornelos de Montes (10081) # 032023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Fornelos de Montes (10081) # 032023</p>
		13				
Cíes	Vigo	76	SW	10	<p>INTENSIDADES PONDEADAS E COA DIRECCIÓN Cíes (14126) # 032023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Cíes (14126) # 032023</p>
		23				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de marzo de 2023 na provincia de Pontevedra.


## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual



**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de marzo de 2023.


## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.


## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de marzo un total de 55, repartidos nas xornadas do 1 (9), 8 (10), 9 (25), 13 (10) e 17 (1) (**Figura 15**).




**Figura 15:** Número de raios por día detectados en Galicia en marzo de 2023.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na **Figura 16**, a maior cantidade de raios rexistrouse na provincia de Ourense (28), seguida polas provincias de Lugo e Pontevedra (12) e, por último, a da Coruña (3).



**Figura 16:** Número de raios detectados por provincia en Galicia en marzo de 2023.

Na **Figura 17** pódese ver o número total de raios rexistrados en marzo en Galicia dende o ano 2010 ao 2023. Pódese observar que este marzo foi o segundo no que menos raios se detectaron na serie.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en marzo dende 2010 a 2023.

**MeteoGalicia**  
**Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático**  
**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**  
**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
<b>A Coruña</b>																												
A Gándara	10.6	13.42	19.2	27	8.4	2.3	2	194	34.0	23	131	88	97	71	40	145	1143	28	111	30	968	19	0					
Aldea Nova	11.4	15.01	20.8	29	8.8	0.5	2	182	37.1	23	116	85	97	67	43	158	1236	16	79	30	983	19	0					
Arzúa	10.5	15.49	21.4	27	6.3	-4.2	2	141	20.0	23	79	84	100	59	40	145	1139	6	57	8	974	18	6					
Camariñas	13.0	14.88	18.5	28	10.7	3.3	2	79	12.3	16	1	83	93	70	48	178	1284	25	96	30	1016	19	0					
Cariño	13.1	16.41	24.3	28	9.9	3.4	2	139	33.1	23	-6	77	93	60	45	166	1298	9	**	13	1012	18	0					
Cariño-Porto	13.5	16.12	23.3	28	10.8	4.5	2	97	25.2	23	--	77	91	64	45	166	1265	--	--	--	1015	18	0					
Cespón	12.6	16.77	21.8	27	8.8	1.0	3	327	44.8	23	262	82	97	61	40	148	1138	**	74	9	1012	22	0					
CIS Ferrol	13.1	16.8	22.6	28	9.7	0.6	2	116	23.0	11	31	75	90	56	49	179	1307	13	80	13	1013	18	0					
Corrubedo	12.9	16.25	20.5	27	10.4	4.2	2	108	21.9	23	30	79	90	65	39	144	1187	14	80	9	1014	19	0					
Coruña-Dique	13.5	16.06	22.6	28	10.7	1.5	2	39	8.6	30	**	76	89	61	**	**	**	22	100	30	1014	16	0					
Coruña-Torre de Hércul	13.9	17.21	23.8	28	11.1	3.0	2	54	11.6	23	**	86	98	66	**	**	**	**	**	**	**	17	0					
*Costa	11.5	16.11	21.5	28	7.2	-2.0	2	410	76.5	23	**	87	100	63	**	**	**	5	57	9	**	19	4					
*Coto Muiño	10.5	14.66	20.5	27	6.5	-2.8	3	282	52.3	23	**	87	98	66	**	**	**	7	56	30	**	23	6					
Fontecada	10.0	13.47	18.9	27	6.9	-0.9	2	383	92.1	23	322	82	94	63	38	138	1098	16	87	30	973	22	3					
*Guísamo	12.3	16.2	21.9	29	9.2	-0.1	2	55	21.3	23	**	79	95	57	**	**	**	**	71	30	995	14	1					
*Lesende	12.1	15.31	21.2	28	9.2	1.2	1	208	51.3	11	101	90	98	73	36	133	1073	9	60	13	997	23	0					
Lira	12.3	14.44	18.7	28	10.5	3.9	1	96	20.5	16	30	83	93	70	42	156	1187	27	89	9	**	20	0					
Mabegondo	12.2	17.56	23.0	27	7.4	-3.8	2	51	16.2	23	-18	85	99	62	**	**	1369	12	93	30	1005	14	5					
Malpica	12.3	15.66	23.5	28	9.8	4.5	2	97	13.9	11	13	87	98	68	56	206	1379	27	97	13	997	20	0					
Marco da Curra	9.0	12.78	19.3	28	6.3	-0.6	1	110	23.0	23	22	85	98	65	42	154	1240	27	101	30	941	16	2					
Melide	10.2	16.15	23.1	29	5.5	-3.6	1	116	16.8	13	24	80	96	54	43	158	1215	7	60	29	961	18	4					
Muralla	9.1	11.73	17.4	27	6.9	-0.7	2	575	111.0	23	420	90	98	77	35	127	988	26	87	30	940	23	1					
*O Val	12.8	16.92	23.0	28	8.8	-0.7	2	171	32.2	23	**	81	95	64	**	**	**	5	46	9	1007	19	1					
Olas	10.4	14.96	20.8	29	7.0	-0.2	2	154	30.4	23	67	83	96	61	44	162	1259	**	81	30	**	18	2					
*Ordes	10.9	15.74	22.0	27	6.3	-4.6	3	138	25.8	23	**	81	94	59	**	**	**	5	49	1	984	19	5					
*Paramos	10.6	14.28	19.7	27	7.4	-1.0	2	315	65.2	23	**	82	93	64	**	**	**	**	61	13	973	19	1					
*Pazo de Galegos	11.8	16.18	22.0	29	8.3	-0.7	3	163	29.5	23	94	83	99	61	42	156	1221	5	51	29	**	18	1					
Punta Candieira	11.8	13.76	20.5	28	10.0	4.8	1	61	15.0	23	-25	79	92	65	42	154	1223	40	117	30	984	16	0					
Punta Langosteira	13.5	15.62	22.8	28	10.9	3.1	2	12	2.7	16	**	77	90	63	53	193	1327	**	107	30	1014	11	0					
Río do Sol	9.4	13.11	19.9	28	6.7	-0.1	2	197	40.8	23	135	83	93	63	42	152	1179	24	102	30	953	21	1					
*Rus	11.8	16.58	22.4	28	7.4	-3.3	2	95	25.6	23	**	88	98	64	**	**	**	5	61	30	1000	18	4					
Sálvora-Pazo	13.2	15.09	17.6	27	11.6	5.6	2	95	16.7	23	24	89	97	76	51	188	1361	23	99	9	**	14	0					
Santiago-EOAS	11.4	15.24	20.8	27	8.3	-0.1	2	207	35.2	23	118	81	94	59	37	137	1129	18	94	9	987	20	1					
Santiago-San Lázaro	11.2	14.84	20.2	27	8.1	-0.8	2	180	32.1	23	-1	83	96	63	40	147	1144	**	76	13	980	19	**					
Sergude	11.6	16.14	22.1	29	7.8	-1.2	2	190	30.8	13	**	89	100	67	39	144	1135	**	**	**	**	18	2					
Serra da Faladoira	9.4	13.08	21.3	28	6.9	-0.1	2	161	31.4	23	3	82	94	63	43	160	1255	27	113	13	948	20	1					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.







Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 3

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Serra Vacaloura	8.7	13.29	21.1	28	5.4	-2.7	2	68	19.0	8	8	87	98	63	47	174	1298	24	90	13	**	15	3		
Ventosa	9.0	13.64	22.3	28	4.7	-4.9	2	80	23.2	8	-12	70	91	48	47	173	1294	18	101	8	912	14	5		
*Vilamor	12.4	17.71	26.0	29	7.8	-2.0	5	56	14.1	23	-29	76	94	53	48	176	1282	**	67	29	**	13	4		
*Xabrega	11.6	17.68	25.2	28	6.7	-1.8	1	69	13.3	17	-15	74	93	48	41	152	1289	9	74	13	980	15	5		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.







Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 3



Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max	Min		Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva	Xeada			
*Simes	12.4	15.77	21.1	29	9.1	-1.2	2	148	31.0	23	**	82	94	67	38	138	1069	**	**	**	**	17	1			
*Soutomaior	12.2	16.36	22.3	29	9.0	-0.2	2	183	23.7	8	**	87	98	65	**	**	**	**	41	13	997	20	1			
*Torrequeintáns	12.9	16.68	22.3	29	9.3	0.0	2	126	22.3	23	58	88	99	70	46	168	1299	9	73	9	1009	17	0			
*Tremoedo	12.4	15.9	20.7	29	8.9	0.3	1	158	29.2	23	**	82	96	63	**	**	**	5	54	25	1010	18	0			
Vigo	13.0	16.53	22.5	29	10.0	2.5	2	101	18.0	16	**	76	91	58	**	**	**	**	**	**	**	19	0			
Vigo-Campus	10.8	13.61	20.8	28	8.5	1.6	2	168	24.5	8	99	83	95	65	42	153	1225	10	69	30	964	20	0			
Xesteiras	9.5	11.94	17.1	29	7.5	0.4	2	427	66.5	23	**	88	97	74	**	**	**	27	110	9	933	23	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.



--Non hai datos

\*\* Non se mide este parámetro nesta estación.


# TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA MARZO 2023



# TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA MARZO 2023



# CHUVIA ACUMULADA DIARIA MARZO 2023



# REFACHO MÁXIMO DIARIO MARZO 2023

